

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**11606** *Lei 19/2011, do 5 de xullo, pola que pasan a denominarse oficialmente «Araba/Álava», «Gipuzkoa» e «Bizkaia» as demarcacións provinciais chamadas anteriormente «Álava», «Guipúzcoa» e «Vizcaya».*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

O Estatuto de autonomía de Gernika recoñece de forma inequívoca os réximes forais específicos e privativos dos Territorios Históricos que integran o País Vasco, habilitándoo para conservar ou, de ser o caso, restablecer e actualizar as súas institucións de autogoberno.

Pola súa banda, a Lei 10/1982, do 24 de novembro, do Parlamento Vasco, básica de normalización do uso do euskera, no seu artigo 10 atribúelles aos órganos forais, no ámbito das súas respectivas competencias, a capacidade de fixaren a nomenclatura oficial dos Territorios Históricos, respectando, en todo caso, a grafía académica propia de cada lingua.

En exercicio das ditas potestades, as Xuntas Xerais de Bizkaia aprobaron en sesión plenaria do 15 de decembro de 1986 que a denominación oficial do Territorio Histórico é o termo en euskera «Bizkaia» por Norma Foral 12/86.

Pola súa banda, as Xuntas Xerais de Gipuzkoa, en reunión celebrada o 25 de novembro de 1985, procederon a formalizar a aplicación á denominación oficial do Territorio segundo o disposto no artigo 10 da Lei 10/1982, do 24 de novembro, básica de normalización do uso do euskera, no sentido de establecer o topónimo oficial do Territorio Histórico respectando a súa orixinalidade vasca coa conseguinte grafía académica, conforme o determinado pola Academia da Lingua Vasca, para que a denominación oficial para todos os efectos do Territorio Histórico de Gipuzkoa fose o termo en euskera «Gipuzkoa», por Norma Foral 6/1990, do 27 de marzo.

Así mesmo, o 20 de novembro de 1989, na súa sesión plenaria, as Xuntas Xerais de Araba aprobaron como Norma Foral 61/89 que o dito Territorio Histórico se denominase en ambas as linguas oficiais.

Pero o ámbito xeográfico de cada un dos Territorios Históricos corresponde co doutras tantas provincias establecidas polo Estado para o desenvolvemento das súas propias funcións, configurándose así una natureza dual deles. Prodúcese, así, na actualidade, desde os diferentes ámbitos institucionais, unha denominación diferenciada, o que carece de sentido considerando os numerosos precedentes habidos nas Cortes Xerais de cambio de denominación doutras provincias para adaptalas á grafía da lingua propia, e existindo así mesmo unha manifesta aceptación, non só institucional senón popular e social, da toponimia explicitada nesta proposición de lei.

O Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido en materia de réxime local, establece no seu artigo 25.2 que só mediante lei aprobada polas Cortes Xerais se pode modificar a denominación das provincias. En consecuencia, corresponde ás Cortes modificar a denominación das demarcacións provinciais que se corresponden xeograficamente cos Territorios Históricos antes mencionados.

Por todo isto, é oportuno que a denominación actual se adecue no sentido que se explicita nesta lei.

Artigo primeiro.

A demarcación provincial que actualmente se denomina «Álava» pasa a denominarse oficialmente «Araba/Álava».

Artigo segundo.

A demarcación provincial que actualmente se denomina «Guipúzcoa» pasa a denominarse oficialmente «Gipuzkoa».

Artigo terceiro.

A demarcación provincial que actualmente se denomina «Vizcaya» pasa a denominarse oficialmente «Bizkaia».

Disposición adicional.

Facúltase o Goberno para adoptar as disposicións necesarias para a aplicación desta lei.

Disposición derradeira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2011.

JUAN CARLOS R

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO